

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 584/2009, DO 23 SETEMBRO .**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 570/2009 do 16 de setembro, aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servizo determinado”, dunha persoa que realice as funcións de profesor/a de aeróbic no Concello de Cabana de Bergantiños, cunha duración do contrato dende o 5 de outubro ata o día 31 de maio de 2010, e cunha xornada de traballo de 4 horas semanais.

Rematado o prazo de presentación de instancias para concorrer ó antedito proceso de contratación, e vista a documentación adxuntada pola única aspirante presentada, Dona M<sup>a</sup> Isabel Tasende Pombo, con DNI 76.366.118-T (RE 3040 de 18 de setembro de 2009)

Pola presente e en virtude das competencias que me atribúe o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos á mencionada praza:

**ADMITIDOS:**

Tasende Pombo, M<sup>a</sup> Isabel (R.E. nº 3040 de 18 de setembro).

**EXLUÍDOS:**

Ningún.

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal de selección para o **venres 25 de setembro ás 15:00h**, para a valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de selección:

Presidente.- Dona Gema Vázquez López , Interventora do Concello.

Secretario.- Don Federico Suárez Cancelo , secretario xeral do Concello.

Vogais.- Dona Silvana Facal Martínez , AEDL do Concello.

Dona Dolores Hortas Valeiro, Técnico deportiva.

**TERCEIRO.-** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e estrato da mesma na web do Concello ([www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 570/2009.

**CUARTO.-** O considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, procede interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a presente resolución, no prazo de un mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e tres de setembro de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.